

**QUE TIPOS DE
VIOLENCIAS
MACHISTAS HAI?
COMO PODO
IDENTIFICICALAS?**



VIOLENCIA FÍSICA

Consiste en causar ou intentar causar dano a muller, golpeándoa, propinándolle patadas, queimándoa, agarrándoa, pellizcándoa, empurrándoa, dándolle labazadas, tirándolle do cabelo, mordéndolle, denegándolle atención médica ou obrigándoa a consumir alcol ou drogas, así como empregando calquera outro tipo de forza física contra ela. Pode incluír danos á propiedade



VIOLENCIA SEXUAL

Calquera acto de natureza sexual non consentido ou que condicione o libre desenvolvemento da vida sexual en calquera ámbito público ou privado, incluíndo o ámbito dixital



VIOLENCIA ECONÓMICA

Consiste en lograr ou intentar conseguir a dependencia financeira doutra persoa, mantendo para elo un control total sobre os seus recursos financeiros, impedíndolle acceder a eles e prohibíndolle traballar ou asistir á escola



VIOLENCIA PSICOLÓXICA

Consiste en provocar medo a través da intimidación; en ameazar con causar dano físico a unha persoa, a súa parella ou as súa fillas ou fillos, ou con destruír as súas mascotas e bens; en someter a unha persoa a maltrato psicolóxico ou en forzala a illarse das súas amizades, da súa familia, da escola ou do traballo. Pode ter distintas variantes, como a emocional, que consiste en minar a autoestima dunha persoa a través de críticas constantes, en infravalorar as súas capacidades, insultala...



VIOLENCIA DIXITAL

Trátase dunha forma de violencia de xénero que se exerce a través das tecnoloxías dixitais, das redes sociais ou de Internet. Entre elas, o ciberacoso é unha das mais características. Supón unha forma de limitación da liberdade que xera dominación e relacións desiguais entre homes e mulleres que teñen ou tiveron unha relación afectiva. Supón tamén unha dominación sobre a vítima mediante estratexias humillantes que afectan á privacidade e intimidade, ademais do dano que supón á súa imaxe pública.



VIOLENCIA VICARIA

Trátase dunha forma de violencia que exercen os agresores contra os seus fillos e fillas co único obxectivo de facer dano as súas parellas ou exparellas. A utilización dos fillos para continuar a violencia que se exerce cara as exparellas é unha das formas mais extremas de violencia machista. En ocasións, os maltratadores acaban matando aos fillos ou as fillas. Trátase dunha violencia extendida e oculta.

